



A MATERIA DE ORATORIA

Nas interaccións sociais de cada día, debemos escoitar, falar, participar, debater, decidir, comprender, defender e, en última instancia, convencer a alguén de algo. Polo tanto, ser un comunicador ou comunicadora competente pode marcar unha diferenza substancial tanto nas relacións persoais como no éxito da carreira académica e profesional. Por outra banda, falar en público é hoxe unha actividade que adopta formas e usa canles moi variadas: as redes sociais, as reunións de traballo, a actividade académica, os medios de comunicación, os discursos comerciais, os colectivos culturais etc. Tal diversidade e amplitude de situacións fan que as tradicionais disciplinas da oratoria e a súa inseparable retórica acaden no noso tempo unha proxección práctica indispensable.

Os principais obxectivos desta materia:

– Aprender a falar en público para participar na mellora da vida colectiva, para configurar a propia traxectoria académica, profesional e vital, e para fortalecer unha imaxe propia positiva ante nós mesmos e ante os demais. Aprender a presentarse ante un público, a modular a voz, a proxectala, a colocar o corpo, a organizar o discurso...

– Coñecer os fundamentos da oratoria clásica e recoñecer e analizar os distintos discursos persuasivos propios da nosa realidade social e os seus ámbitos de difusión: a prensa, a radio, as redes sociais, a publicidade, as relacións persoais... Traballamos o debate, a tertulia, a mesa redonda, o mítin para ser delegado de aula...

– Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes para avaliar correctamente a súa pertinencia e elaborar os nosos propios discursos. Analizamos textos xa elaborados e aprendemos a súa estrutura, características léxicas... para logo elaborar o noso propio discurso.

– Desenvolver as destrezas propias da comunicación oral: a competencia lingüística (mellorar a nosa expresión), as competencias sociais (aprender a comunicar correctamente o que queremos dicir para que nos entendan mellor) e cívicas (tratar temas transversais –debates sobre a guerra, o aborto, a caza...– pero tamén o sentido da iniciativa (os proxectos dan cabida á creatividade do alumnado de xeito que el será o que propoña a organización da súa proposta de traballo –diferentes temas, puntos de vista, opinións... –).

– Aprender a empregar axeitadamente os distintos códigos verbais e non verbais propios do discurso persuasivo (voz, o volume, o rexistro lingüístico...) pero tamén a traballar con distintos soportes e ferramentas tecnolóxicas e informáticas en apoio do discurso persuasivo (traballamos no ordenador, na radio escolar...).

A metodoloxía de traballo desta materia:

Desenvolvemos os contidos mediante a realización de proxectos. Cada unidade trabállase de xeito escrito e oral. Hai dúas valoracións, dunha banda o traballo realizado por escrito en papel, ordenador... e doutra a súa exposición mediante a exposición oral na aula, a gravación na radio escolar etc.

Non hai exames, as valoracións dos proxectos desenvolvidos constitúen as cualificacións da materia